

Nome da parroquia: Corredoira (San Gregorio)**Código: 06***Delimitación:*

Situada no nordeste do concello, a parroquia de San Gregorio de Corredoira limita ao norte co concello de Cerdedo, ao leste co concello de Cerdedo e coa parroquia de Santiago de Caroi, ao sur coas parroquias de Caroi e Santiago de Loureiro e ao oeste coas parroquias de Santa María de Sacos e San Miguel de Carballedo.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño pequeno e unha forma asimilable a un triángulo rectángulo lixeiramente rotado e coa esquina suroeste truncada.

En canto á topografía, sempre en pendente, destaca por ter unha cota que rolda os seiscientos metros en toda a súa extensión salvo na parte noroeste, con pequenos montes e outeiros que superan esta cota e con zonas máis baixas que coinciden cos cursos de auga. As zonas máis baixas estarían situadas na parte suroeste e sur da parroquia, principalmente coincidindo co curso do río Almofrei e alcanzando cotas que baixan dos 500 e na parte noroeste onde, coincidindo co regueiro dos Cabaleiros, a cota baixa dos 400 metro. En canto ás zonas altas da parroquia, destacar na parte norte a zona de A Chaira, a máis alta da parroquia, que alcanzo cotas superiores aos 690 metros.

O río Almofrei é o curso de auga máis importante da parroquia e un dos máis relevantes do concello. Nace na parroquia veciña de Caroi e percorre a parte sueste da parroquia facendo por tramos de límite entre ambas. Outros cursos de auga relevantes serían o regueiro dos Cabaleiros e o rego Pombiño.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Gregorio de Corredoira está composta por dez núcleos rurais e comunicada pola estrada EP-0401 e que a une coa parroquia de Carballedo cara o suroeste e coa parroquia de Caroi cara o sureste. Esta estrada é a máis ampla da parroquia, aínda que ten un tamaño pequeno, co asfalto nun estado aceptable.

Se temos en conta o tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais, todos os lugares teñen un tamaño pequeno ou moi pequeno. Os máis pequenos serían os lugares de O Carballal, O Outeiro e O Lombiño, que non superan as dez vivendas tradicionais ningún deles. Os meirandes da parroquia serían os lugares de O Casal e A Redonda que se poden considerar de tamaño mediano.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto como é A Anta, O Lombo, O Lombiño ou A Redonda, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. O núcleo de O Outeiro e o de O Meixueiro seguen este modelo, aínda que con matices. Os demais lugares serían unha mestura ou variacións dos dous modelos citados.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

San Gregorio de Corredoira é das parroquias de Cotobade nas que se construíu un menor número de vivendas novas. O total das vivendas novas non chega a dez. O lugar onde maior número se construíron foi en A Anta con dúas.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a consideración de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de A Anta, O Casal, O Lombiño – O Outeiro, O Lombo, O Meixueiro, Pedra Picada, As Pozas e O Val. Nesta parroquia non hai lugares que teñan a consideración de **núcleo rural común**. Por último, teñen a consideración de **núcleo rural complexo** os lugares de O Carballal e A Redonda.


Tipoloxía dos edificios


Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos destacar os cruceiros espallados por toda a parroquia e a igrexa parroquial.


As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.








codificación

 vivenda tradicional	 alpendre tradicional	 equipamento	 hórreo moderno	 granxa
 vivenda moderna	 alpendre moderno	 hórreo tradicional	 outras construcións tradicionais	 nave industrial / terciario





codificación

	vivienda tradicional		hórneo tradicional
	vivienda moderna		hórneo moderno
	apendice tradicional		outras construcións tradicionais
	apendice moderno		nave industrial / terciario
	equipamento		granxa

tipificación do núcleo

	núcleo rural histórico-tradicional
	núcleo rural común
	límite do núcleo rural histórico-tradicional
	límite do núcleo rural común
	límite do núcleo rural complexo

elementos catalogados

	patrimonio arquitectónico
	patrimonio arqueolóxico

dotacións e infraestruturas

	límite de parcela de equipamento
	límite de parcela de espazo libre ou zona verde
	límite da infraestrutura

codificación

	área de cautela de elem. do cat. arqueolóxico (GR II-3)
	área de respecto de elem. do cat. arquitectónico
	GA36032000 clave de correspondencia co catálogo arqueolóxico
	P-00-00 clave de correspondencia co catálogo arquitectónico
	SLI-SU0001 pre-x clave de correspondencia coas dotacións

NÚCLEO		A ANTA		NÚMERO	06.01	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.11	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no centro cara o suroeste da parroquia.					
	Topografía	Moderada en xeral e con zonas suaves, e a orientación suroeste.					
	Poboación	12					
	Tipo	Mononuclear disperso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0409.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto antigo, aínda que se atopa nun estado aceptable. Vías interiores estreitas e pavimentadas con formigón , salvo algúns tramos que carecen de pavimento.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa ou moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño situado na marxe oeste da estrada EP-0409 e asentado ao longo dun camiño que, partindo desta, vai descendendo ata o río Almofrei. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños,e separadas unhas das outras, dando como resultado un núcleo bastante disperso.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas baleiras no núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra,a cuberta a dúas augas de lousas, acceso á cámara por un frontal, e colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario
	14		12		2		-
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si		si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	A ANTA	NÚMERO	06.01	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	--------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Doce casas de pedra e unha vivenda moderna con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño, e que permanece case inalterado, unicamente aparece unha vivenda moderna entre as tradicionais, polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	12	8	60	24.748,57	5,25



Fotografía aérea de A Anta.

NÚCLEO		O CARBALLAL		NÚMERO	06.02	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.11	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no sur da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas en xeral e a orientación suroeste.					
	Poboación	11					
	Tipo	Mononuclear disperso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0409.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto antigo, aínda que se atopa nun estado aceptable. Vías interiores estreitas con formigón en mal estado. Estrada de acceso.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño variable entre pequeno e grande e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa ou moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral sen embargo, as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño situado ao pé da estrada principal de acceso á parroquia e asentado ao longo de pequenos carreiros que parten desta. A edificación e as construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños e separadas unhas das outras, dando lugar a un asentamento pouco compacto e cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra na que unha vivenda nova ocupa parcelas baleiras do núcleo.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A vivenda nova ten planta rectangular, un andar, cuberta a dúas augas con panel de chapa, fachada de madeira e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousas de pedra e colocados preto das vivendas cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	8		7		1	-	22
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	O CARBALLAL	NÚMERO	06.02	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	-------------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Sete casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo de varios carreiros, e que permanece case inalterado, polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional. Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle a vivenda moderna, situada a pouca distancia do núcleo tradicional, defínese este ámbito como núcleo rural común. O lugar de O Carballal ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	7	5	58,33	18.991,71	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m²)	2,75
	1	0	100	2.814,07	



Fotografía aérea de O Carballal.

NÚCLEO		O CASAL		NÚMERO	06.03	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.12	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación sueste.					
	Poboación	27					
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada EP-0409.						
	Estado: Accesos estreitos co asfalto antigo por zonas e novo por outras. Vías interiores de ancho variable e co asfalto antigo en xeral. Tramos sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño mediano formado por dous asentamentos próximos situados ao pé dun camiño que os comunica e que se bifurca configurando un esquema de lugar en tres ramais. A edificación e as construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños, por zonas preto unhas das outras chegando a formar medianiles, conformando un núcleo disperso e con límites difusos.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo, si se observan ampliacións e reformas nas casas tradicionais.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparecen alpendres, que poden compartir a cuberta coa vivenda, pozos e hórreos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con lousa de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	22		22		-	-	91
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-06-01	Cruceiro da Portela					

NÚCLEO	O CASAL	NÚMERO	06.03	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Vinte e dúas casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño mediano que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño principal que se bifurca e que permanece case inalterado polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	20	18	52,63	48.505,95	4,54



Fotografía aérea de O Casal.

NÚCLEO		O LOMBIÑO – O OUTEIRO		NÚMERO	06.04	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.12		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación sur.						
	Poboación	2						
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0409.							
	Estado: Accesos de tamaño mediano-pequeno co asfalto antigo. Vías interiores estreitas en xeral, con zonas amplas, con asfalto antigo por tramos e recente por outros. Tramos sen pavimentar.							
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais teñen un esquema pechado ao redor do curral.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por dous asentamentos unidos por un camiño que parte da estrada EP-0409 e que vai subindo cara un outeiro. As vivendas e as construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas unhas de outras conformando un núcleo cos límites claros, pero pouco compacto.						
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo, si se observa a construción de varios alpendres novos.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparecen alpendres, que poden compartir a cuberta coa vivenda, pozos e hórreos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono ou ruína.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousa de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	5		5		-	-	32	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado		
	si	veciñal	non	si	si	si		
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
	SLE-SC0601	Casa da Vila					2641,04	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM								

NÚCLEO	O LOMBIÑO – O OUTEIRO	NÚMERO	06.04	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	-----------------------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Cinco casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, unicamente aparecen un palco da festa e un local social veciñal, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	5	4	55,56	16.650,73	3,00



Fotografía aérea de O Lombiño – O Outeiro.

NÚCLEO		O LOMBO	NÚMERO	06.05	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL					C-3.12		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no sur da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes fortes ou moderadas e a orientación sueste.					
	Poboación	14					
	Tipo	Mononuclear bastante compacto con vivendas diseminadas.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN		Tipo: Estrada EP-0409. Estado: Accesos de tamaño mediano-pequeno co asfalto antigo. Vías interiores estreitas, puntualmente amplas, e co asfalto antigo. Zonas sen pavimentar.					
ESTRUTURA DE PARCELA		Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é alta aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del teñen un esquema máis aberto e disperso.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño pequeno formado por dez vivendas tradicionais próximas en xeral, chegando a formar medianiles, asentado sobre un camiño principal en pendente, no que a maioría das vivendas se atopan concentradas na parte sur, quedando dúas separadas cara o norte. As vivendas e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si, dando lugar a un núcleo máis compacto na parte sur, pero cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo, si se observan ampliacións e reformas nas casas tradicionais.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e nun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	11	11	-	-	20		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-06-02	Cruceiro de O Lombo					

NÚCLEO	O LOMBO	NÚMERO	06.05	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Once casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	9	3	75	11.399,21	9,65



Fotografía aérea de O Lombo.

NÚCLEO		O MEIXUEIRO		NÚMERO	06.06	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.12	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no sur da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e as orientacións norte ou oeste.					
	Poboación	14					
	Tipo	Mononuclear bastante compacto con vivendas diseminadas.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0409.						
	Estado: Accesos de tamaño mediano-pequeno co asfalto antigo. Vías interiores estreitas, puntualmente amplas, e co asfalto ou formigón en mal estado e con fochas por tramos. Zonas sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del, teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado nun outeiro en torno a un camiño principal que se adapta á topografía evitando as fortes pendentes e organizado en dúas pequenas agrupacións de vivendas separadas unicamente por un camiño. Aparecen cinco vivendas tradicionais a certa distancia do lugar principal, separadas entre si e ao outro lado da estrada principal de acceso. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si no lugar principal, configurando un núcleo con límites claros e compacto na parte central.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo, si se observan ampliacións e reformas de xeito que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos, as demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella e lousa de pedra, e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	17		17		-	-	51
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-06-07	Cruz dos Pradiñeiros					

NÚCLEO	O MEIXUEIRO	NÚMERO	06.06	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	-------------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Dezasete casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño mediano que segue a tipoloxía de núcleo principal asentado nun outeiro ao longo dun camiño e vivendas diseminadas, e que permanece case inalterado, polo que se delimitan dous ámbitos que as recollen e se definen como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	16	3	84,21	21.067,49	8,07



Fotografía aérea de O Meixueiro.

NÚCLEO		A PEDRA PICADA		NÚMERO	06.07	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.06, C-3.11	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, e a orientación este.					
	Poboación	13					
	Tipo	Mononuclear diseminado.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada EP-0409.						
	Estado: Accesos estreitos con asfalto antigo. Vías interiores de tamaño mediano co asfalto en mal estado, con fochas e arranxos sucesivos.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e as de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por un asentamento principal e dúas vivendas illadas cara o norte, asentado en torno a un camiño principal cunha zona central, un espazo libre de gran tamaño, ao redor do cal se asentan gran parte das vivendas tradicionais e do que parten varios ramais que dan acceso ás vivendas. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, configurando un núcleo con límites difusos e pouco compacto.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado, e outra que ocupa parcelas baleiras na periferia con vivendas e construcións auxiliares novas. Aparece unha vivenda nova cara o norte do lugar.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A vivenda novas ten planta cadrada, baixo e un andar, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais modernos.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, frontais e costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousas de pedra e acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	9		9		-	-	42
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
	SLV-ZV0601	Área Recreativa					1789,89
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-06-03	Cruceiro de A Pedra Picada					

NÚCLEO	A PEDRA PICADA	NÚMERO	06.07	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	----------------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Nove casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao redor dun espazo central polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10	3	76,92	22.821,66	3,94



Fotografía aérea de A Pedra Picada.

NÚCLEO		AS POZAS		NÚMERO	06.08	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)					
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.11						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no centro cara o este da parroquia.										
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación este e sur.										
	Poboación	6										
	Tipo	Mononuclear disperso.										
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0409.											
	Estado: Accesos de tamaño mediano-pequeno co asfalto antigo. Vías interiores de ancho variable co asfalto antigo en xeral e deteriorado por tramos. A parecen zonas sen pavimentar.											
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio ou pequeno e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral e as que carecen del teñen un esquema máis aberto e disperso.											
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por oito vivendas tradicionais e asentado ao longo dun camiño principal e varios carreiros que parten deste. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, dando lugar a un asentamento disperso.										
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.										
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.											
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, frontais e costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousas de pedra e acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.											
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario		Outras			
	8		8		-		-		29			
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade		Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo		Acceso rodado	
	si		veciñal		si		si		si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.		Denominación								SUP: m²	
	SLE-CP0601		Igrexa parroquial de San Gregorio								2074,79	
	SLE-SC0602		Antiga Escola								616,99	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-06-04		Cruceiro da igrexa									
	I-06-01		Igrexa parroquial de San Gregorio									

NÚCLEO	AS POZAS	NÚMERO	06.08	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	----------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Oito casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño principal e varias ramais e que permanece case inalterado polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10	5	66,67	21.172,70	3,78



Fotografía aérea de As Pozas.

NÚCLEO		A REDONDA		NÚMERO	06.09	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.07, C-3.12	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, puntualmente moderadas e a orientación oeste.					
	Poboación	33					
	Tipo	Mononuclear disperso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0409.						
	Estado: Accesos estreitos co asfalto antigo e deteriorado con focas por tramos. Vías interiores de ancho variable e co asfalto en mal estado en xeral con fochas.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño moi variable e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada ou alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e a de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño moi alongado e organizado en torno a un camiño que se adapta á topografía evitando as fortes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, configurando un núcleo con límites difusos e disperso.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas baleiras da periferia con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai unha vivenda na parte sur do lugar.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, o resto presentan diferentes estados de abandono. A vivenda nova ten planta rectangular con anexos, baixo e un andar, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas e materiais modernos.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, frontais e costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousa e acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	16		15		1	-	77
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si		si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	A REDONDA	NÚMERO	06.09	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	-----------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Quince casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unha das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño, e que permanece case inalterado, polo que o ámbito delimitado defínese como núcleo rural histórico-tradicional. Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle a vivenda moderna situada a pouca distancia do núcleo tradicional, e defínese este ámbito como núcleo rural común. O lugar de A Redonda ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	17	11	60,71	31.890,52	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m²)	3,78
	3	4	42,86	10.483,44	



Fotografía aérea de A Redonda.

NÚCLEO		O VAL		NÚMERO	06.10	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.12	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no nordeste do Concello, núcleo no sur da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación suroeste.					
	Poboación	16					
	Tipo	Mononuclear disperso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0409.						
	Estado: Accesos de tamaño mediano-pequeno co asfalto antigo. Vías interiores estreitas con asfalto antigo. Zonas sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del, teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por dez vivendas tradicionais e organizado en tres agrupacións de vivendas, dúas próximas e a outra máis distante, asentadas ao pé dun camiño principal, dúas delas, e sobre a estrada de acceso a outra. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si configurando un lugar con varios núcleos relativamente compactos, pero en conxunto disperso.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo, si se observan ampliacións e reformas de xeito que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, o resto presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, frontais e costais de pedra ou madeira, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	10		10		-	-	13
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	O VAL	NÚMERO	06.10	PARROQUIA	CORREDOIRA (SAN GREGORIO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Dez casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas un lugar identificable e acutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo formado por tres agrupacións de vivendas, e que permanece case inalterado polo que o ámbito delimitado defínese como **núcleo rural histórico-tradicional**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10	5	66,67	15.847,06	6,31



Fotografía aérea de O Val.

Nome da parroquia: Loureiro (Santiago)**Código: 07***Delimitación:*

Situada no este do concello, a parroquia de Loureiro limita ao norte coa parroquia da Corredoira, ao noroeste coas parroquias de Carballedo e Rebordelo, ao suroeste coa parroquia de Borela, ao sur con Aguasantas, ao sureste con Valongo, ao este co Concello de Lamas e ao nordeste coa parroquia de Caroi.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño pequeno e posúe unha forma alongada, e está orientada de este a oeste.

En canto á topografía, ven definida polo paso do río Almoforei que corta a parroquia de norte a sur polo centro, e polos montes que o rodean cara o este e o sur. Seguindo o curso do río esténdese un pequeno val de escasa profundidade que se corresponde coa parte máis baixa e horizontal de Loureiro, cunha cota media situada ao redor dos 400 metros de cota. Este val está flanqueado por un conxunto de montes e cotos que alcanzan cotas superiores aos 600 metros.

O río Almoforei é o curso de auga máis relevante da parroquia e un dos máis importantes do concello. Ao longo do seu percorrido pola parroquia, de norte a sur, recibe auga de varios regos que nacen nos montes que o flanquean, como é o rego de Candeira.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de Santiago de Loureiro está composta por trece núcleos recoñecidos asentados maioritariamente seguindo o curso do río Almoforei. Están comunicados por estradas terciarias, de tamaño pequeno e co pavimento nun estado regular. Pola parte oeste da parroquia atravesa a estrada autonómica secundaria PO-235, de tamaño medio e asfalto en bo estado, dando acceso aos núcleos de O Igrexario e Insuela.

Se nos fixamos no tamaño e no número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que son maioría os lugares de tamaño medio e pequeno como é o caso dos núcleos de O Frade, A Costa ou A Vilalén - Fontevaliño, sendo o máis pequeno o lugar de Ribalta, formado por tres casas tradicionais.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía que serve de acceso ás vivendas e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo, unha camiño con trazado circular ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro, aínda que con matices serían os lugares de A Costa, O Frade, Ribalta, O Batán e Arufe, e do segundo serían O Igrexario e A Chan.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apolándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

En Loureiro non se ten producido un incremento relevante no número de vivendas. As novas vivendas atópanse nas inmediacións da estrada PO-235 no lugar de O Igrexario e A Insuela, sendo un total de

seis vivendas. Por outra banda, parte dos lugares da parroquia mantéñense inalterados no que a construción de vivendas novas se refire, como son os lugares de Arufe, O Beseiro e O Batán.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores, de tamaño medio e forma rectangular produto da concentración parcelaria, e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a consideración de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de Arufe, O Batán, O Beseiro, O Brixel, A Chan, A Costa e O Pereiral. Nesta parroquia non hai lugares que teñan a consideración de **núcleo rural común**. Por último, teñen a consideración de **núcleo rural complexo** os lugares de Frade, O Igrexario, Insuela, Ribalta e Vilalén.


Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar o conxunto da reitoral, igrexa parroquial, viacrucis e cruceiro no lugar de O Igrexario, a capela da Virxe das Neves en Ribalta, e a casa nº13 en A Chan. Xunto cos cruceiros e muíños espallados por toda a parroquia.


As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.








codificación

 vivenda tradicional	 alpendre tradicional	 equipamento	 núcleo moderno	 granxa
 vivenda moderna	 alpendre moderno	 núcleo tradicional	 outras construcións tradicionais	 nave industrial / terciario





codificación



tipificación do núcleo



elementos catalogados



dotacións e infraestruturas



codificación



NÚCLEO		ARUFE		NÚMERO	07.01	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.17	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves. A orientación principal é a norte.					
	Poboación	0					
	Tipo	Mononuclear disperso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Camiños sen pavimentar.						
	Estado: Acceso estreito e sen asfalto. Vías interiores estreitas de terra alternando por tramos con pedra.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é bastante baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño e formado por seis vivendas tradicionais situadas separadas unhas das outras. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si conformando un lugar disperso, pero con límites claros. Actualmente atópase en estado de abandono.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. As vivendas tradicionais están en desusos e presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous ou tres claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de pedra ou madeira e cuberta a dúas augas de lousas de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación, aínda q en desuso, bo en xeral.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	6		6		-	-	12
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	non	individual	non	non	non	non	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	ARUFE	NÚMERO	07.01	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Seis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	6	0	100	9.258,59	6,48



Fotografía aérea de Arufe.

NÚCLEO		O BATÁN		NÚMERO	07.02	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.17	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, con algún tramo horizontal , e a orientación este e sur.					
	Poboación	2					
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada da rede terciaria que comunica coa estrada PO-235.						
	Estado: Accesos moi estreitos co asfalto vello e moi deteriorado presentando fendas de gran tamaño nalgunhas zonas. Vías interiores estreitas sen pavimento e cheos de maleza, en xeral.						
ESTRUTURA DE PARCELA		En xeral, parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada próxima o río Almofrei produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por seis vivendas tradicionais entorno a un camiño principal e asentadas na marxe noroeste fundamentalmente. Atópase nun estado de abandono. A edificación e as construcións auxiliares, algunha delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, formando un núcleo pouco compacto..					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en desuso e presentan diferentes estados de abandono ou ruína.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de pedra ou maeira, cuberta a dúas augas de lousas de pedra e acceso á cámara por un lateral colocados nos arredores da vivenda cun estado de conservación variable. Non construcións auxiliares novas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	6		6		-	-	4
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	individual	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-07-09	Cruz do Batán					

NÚCLEO	O BATÁN	NÚMERO	07.02	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Seis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece inalterado polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	6	0	100	4.264,39	14,07



Fotografía aérea de O Batán.

NÚCLEO		O BESEIRO		NÚMERO	07.03	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.17	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no norte da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, e a orientación noroeste.					
	Poboación	13					
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN		Tipo: Estradas da rede terciaria. Estado: Acceso moi estreitos e con asfalto antigo e con zonas en mal estado. Vías interiores estreitas ou moi estreitas, parte delas sen pavimento e os que o teñen, en moi mal estado.					
ESTRUTURA DE PARCELA		En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada próxima o río Almofrei produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é media, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por oito vivendas tradicionais agrupadas asentados aos pés dos diferentes carreiros que se cruzan. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a un asentamento compacto.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de pedra ou madeira, cuberta a dúas augas de lousas de pedra, acceso á cámara por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e estando a metade deles en estado de abandono. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	8	8	-	-	39		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:				SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	O BESEIRO	NÚMERO	07.03	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	-----------	--------	-------	-----------	---------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Oito casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao pé de varios camiños que se cruzan e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	7	6	53,85	16.327,11	4,90



Fotografía aérea de O Beseiro.

NÚCLEO		O BRIXEL	NÚMERO	07.04	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL					C-3.23	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no sueste da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación noroeste.				
	Poboación	Sen datos				
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.					
	Estado: Accesos estreitos, co asfalto antigo e nun estado deficiente con fochas por tramos. Vías interiores estreitas co asfalto antigo.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño moi pequeno formado por tres vivendas tradicionais agrupadas e organizado en torno a un camiño sen saída que remata no lugar. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, formando un núcleo compacto e de límites ben definidos.				
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparece o hórreo. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella e situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra e a cuberta a dúas augas. Están colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	3	3	-	-	8	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM						

NÚCLEO	O BRIXEL	NÚMERO	07.04	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	----------	--------	-------	-----------	---------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Tres casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	2	1	66,67	3.211,46	6,23



Fotografía aérea de O Brixel.

NÚCLEO		A CHAN		NÚMERO	07.05	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.17	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no este do Concello, núcleo no norte da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación norte e oeste.					
	Poboación	20					
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.						
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto antigo e que comeza a fallar. Vías interiores estreitas, en xeral con asfalto en mal estado salvo algunhas zonas recén pavimentadas.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é importante, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño medio formado por dúas agrupacións principais de vivendas próximas e asentadas ao pé do camiño principal que as une. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles, dando como resultado un núcleo bastante compacto e con límites claros.					
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de lousas de pedra ou tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, na metade dos casos atópanse nun estado de abandono. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	21		21		-	-	67
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	E-07-01	Fonte-lavadoiro					
	P-07-01	Casa nº13					

NÚCLEO	A CHAN	NÚMERO	07.05	PARROQUIA	LOUREIRO (SANTIAGO)
--------	--------	--------	-------	-----------	---------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

